

LINGUA PORTUGUESA

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

O referido a continuación considerárase tendo en conta o carácter inicial (niveis A1 e A2) do contacto coa lingua portuguesa e a circunstancia de tratarse dunha 2ªLingua estranxeira con só dúas sesións semanais. En todos os apartados se aceptarán erros, téndose moi en conta a fluidez e asimilación do nivel inicial de Lingua e a actitude positiva e participativa do alumnado nas aulas.

- Consecución de competencia mínima oral e escrita respecto ao visto nas correspondentes unidades do currículo de 1º, 2º e 3º e 4º de ESO de Lingua portuguesa dun xeito sinxelo e básico, aceptándose erros ortográficos e fonéticos do propio nivel:
 - Saúdos, presentacións, información básica de carácter persoal.
 - Descrición e localización de lugares, petición de información sobre lugares, reserva nun hotel
 - Preguntas e respostas das horas do día, as partes do día, os días da semana, os meses do ano, falar e escribir sobre comidas e bebidas, solicitude dunha consumición nun establecemento, os números .
 - Dar e pedir informacións de carácter persoal ou profesional ou de ocupación do tempo libre. Falar sobre accións habituais no pasado
 - Convites, aceptacións e rexeitamentos moi sinxelos, escritura dunha carta moi breve, conversación básica telefónica.
 - Conversación sobre vacacións, pasatempos, compras, precios, visitas médicas, marcar una cita médica, descrições físicas e psicológicas moi sinxelas.
 - Comprender anuncios publicitarios.
 - Comprender informacións, instrucións, explicacións en diferentes áreas de servizo...
 - Comprender a programación televisiva.
 - Comprender noticias dun xornal.
 - Comprender e deixar mensaxes nun contestador (atendedor de chamadas)
 - Comprender entrevistas na prensa escrita ou nunha entrevista radiofónica.

- Comprender o horóscopo.
 - Comprender cartas de restaurante.
 - Comprender artigos da prensa escrita.
 - Expresar opinións.
 - Contar a historia dunha película.
 - Formular preguntas que expresan dúbida.
 - Reproducir o que dixo alguén.
 - Aconsellar.
 - Dar información básica sobre un problema de saúde.
 - Comprar, cambiar, devolver, reclamar.
- Vocabulario básico da unidades: países, cidades, profesións, números, horas, ámbito escolar, tempo libre, medios de transporte, hábitos, roupa, tiendas, familia, establecementos comerciais...
 - Aplicación de coñecementos gramaticais (verbos regulares e algúns irregulares en presente de indicativo, pronomes, preposicións e adverbios básicos, algunhas perífrases de moito uso, verbos irregulares en pretérito perfecto simple, pretérito imperfecto, infinitivo persoal, futuro imperfecto, condicional, pretérito perfecto composto de indicativo...)
 - Coñecemento de aspectos culturais da lusofonía (países de fala portuguesa, número de falantes, trazos culturais moi xenéricos e destacables da lusofonía: música, deportes, gastronomía...)
 - Realización cunha mínima corrección, adaptada ao nivel, de búsquedas de información sobre temas diversos.
 - Actitude positiva e desexo de aprender.